A Historia da Literatura Galega 20

A poesía galega contemporánea



La Voz de Galicia

A HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

- UN PROXECTO EDITORIAL DE ERA PUBLICACIONES, S.L.
- COORDINADOR XERAL: JOSÉ ANTONIO PONTE FAR

Textos: M.ª Luz Ínsua Ramil, M.ª Eva Ocampo Vigo, Esperanza Piñeiro de Sanmiguel, José A. Ponte Far e Áurea Ramil Díaz

Corrección lingüística:
M.ª Luz Ínsua Ramil e Áurea Ramil Díaz

Deseño: M. Malvido
Maquetación e montaxe:
M.ª Teresa Puga, María G. Grandal
Produción: Irene Montero, Raquel G. Amarelle, Lucía Taboada, Victoria García-Lastra, Rebeca Zapata, Pilar Freire, Silvia Valdés, Ana E. Martínez e Nieves G. Centeno.
Fotografía: Octo Gráfica e La Voz de Galicia

Agradecementos: Asociación de escritores en lingua galega (AELG)

Edita: © Era Publicaciones, S.L.
© desta edición: La Voz de Galicia, S.A.

Imprime: Imprenta Mundo
Depósito Legal: C 1610-2010
ISBN: 978-84-96561-43-4

A Historia da Literatura Galega 20

A POESÍA GALEGA CONTEMPORÁNEA

La Voz de Galicia

ÍNDICE

7 1. INTRODUCIÓN
11 1.1. O cambio da lírica galega

17 2. POETAS GALEGOS DESDE 1975
18 2.1. Manuel Álvarez Torneiro
20 2.2. Darío Xohán Cabana
22 2.3. Manuel Forcadela
24 2.4. Miguel Anxo Fernán-Vello
27 2.5. Xosé María Álvarez Cáccamo
30 2.6. Pilar Pallarés
33 2.7. Xavier Seoane
36 2.8. Xulio López Valcárcel
39 2.9. Ramiro Fonte

45 3. OUTROS CREADORES POÉTICOS
46 3.1. Vítor Vaqueiro
46 3.2. Xesús Rábade Paredes
47 3.3. Afonso Pexegueiro

48 3.4. Lois Pereiro
48 3.5. Xosé M.ª López Ardeiro
49 3.6. Chus Pato
49 3.7. Claudio Rodríguez Fer
50 3.8. Luísa Villalta
50 3.9. Ana Romaní
51 3.10. Eusebio Baleirón
52 3.11. Luís González Tosar
53 3.12. Román Raña
53 3.13. Manuel Rivas
54 3.14. Outros nomes

59 BIBLIOGRAFÍA DOS TOMOS 17 A 20

La Voz de Galicia

6ª EDICIÓN

FRANCO HA MUERTO

EL OBITO SE PRODUJO A LAS 4,40 DE LA MADRUGADA

La desaparición del Jefe del Estado cierra un capítulo decisivo de la historia de España

MADRID.— (De nuestra Redacción, a las 4,58 de la mañana).— FRANCO HA MUERTO.— LA NOTICIA SE ACABA DE CONOCER ENTRE CUANTOS HACIAN GUARDIA EN LA RESIDENCIA SANITARIA «LA PAZ».

A las 4,30 horas, las Casas Civil y Militar habían comunicado que, según los médicos de turno del centro que atendía a S. E., el Caudillo había entrado en el período final.

Pese a que de un momento a otro se esperaba el óbito, ha causado gran impresión e inmediatamente la información fue transmitida a todo el mundo.

Ya en esos primeros momentos la opinión era coincidente: La desaparición del Jefe del Estado cierra un capítulo decisivo de la historia de España.

Parece, aunque aún no ha sido confirmada oficialmente, que el fallecimiento se produjo sobre las cuatro cuarenta de la madrugada.

DON JUAN CARLOS SERA PROCLAMADO REY DENTRO DEL PLAZO DE OCHO DIAS

Vacante la Jefatura del Estado, el Príncipe don Juan Carlos de Borbón y Borbón prestará juramento y será proclamado Rey por las Cortes Españolas, de acuerdo con el artículo séptimo de la Ley de Sucesión y dentro del plazo de ocho días.

EDICION ESPECIAL DE La Voz de Galicia

Coa morte de Franco reavívase o interese pola creación poética en Galicia. Primeira páxina de *La Voz de Galicia* do 20 de novembro de 1975

INTRODUCIÓN 1

Os primeiros anos deste período son fundamentais para a lírica galega. Coa morte de Franco, e ao mesmo tempo que se recuperan as ansias de liberdade política, reavívase o interese polo xénero poético, pero nun senso innovador e tendente ao cambio de rumbo que a nova sociedade galega está demandando. Así, hai que destacar a aparición de grupos integrados por novos poetas, que apuntan a liñas totalmente rupturistas e vangardistas, como Rompente, que xorde en Vigo, en 1975, ou o colectivo Cravo Fondo, menos radical, pero tamén innovador, constituído en Santiago en 1977, e integrado por novos poetas, que co paso do tempo se afianzarían dentro

Os premios Esquío de poesía foron creados a principios dos oitenta pola Sociedade de cultura Valle-Inclán de Ferrol. Foto: César Toimil

das mellores páxinas da poesía galega, como Ramiro Fonte, Xesús Rábade Paredes, Xavier Rodríguez Barrio, Xulio López Valcárcel, Helena Villar Janeiro, etcétera.

Tamén en Santiago, e baixo o auspicio de Ricardo Carballo Calero, fórmase o colectivo Alén, que busca fundamentalmente unha renovación lingüística.

Hai máis iniciativas, individuais e colectivas, entre as cales teñen un papel moi importante a

aparición de novas revistas literarias e novos concursos poéticos, con premios substanciais, que atraerán a un gran número de poetas noveis. Como os gañadores tiñan asegurada a publicación do poemario presentado, así se darán a coñecer novos valores que hoxe son realidades espléndidas para ben da poesía galega.

As obras de Manuel Antonio encóntranse de plena actualidade a fins da década dos setenta. Na imaxe, busto do autor de Rianxo



Realmente, esta ansia innovadora que agora se evidencia na poesía, iníciase *Con pólvora e magnolias* (1976), de Méndez Ferrín, que supuxo unha ruptura decidida co realismo social dominante durante anos. A esta aposta polo cambio temático e estilístico súmase a actualidade que teñen por estes anos as obras poéticas de Manuel Antonio e de Cunqueiro. E como xa se sinalaba anteriormente, a aparición de numerosas revistas culturais e poéticas –*Nordés*, *Coordenadas*, *Dorna*, entre outras– e a proliferación de antoloxías de poesía galega, así como a creación, por parte de institucións e asociacións culturais, de numerosos certames e premios literarios –o Facho, o Leliadoura, o Martín Codax, o Celso Emilio

Ferreiro, o Eusebio Lorenzo Baleirón, o González Garcés, o Esquío– poñen á poesía galega en primeira liña, en canto a cantidade e calidade, das Letras Galegas contemporáneas.

Álvaro Cunqueiro é un dos autores máis valorados por esta nova xeración. Na foto, escultura fronte a catedral en Mondoñedo

Así pois, a poesía galega da nova etapa democrática e autonómica xorde con forza e con fresca vitalidade. Non brota da nada, claro, pero pretende superar a etapa anterior, domi-

nada pola estética socialrealista e un empobrecemento notorio da linguaxe poética. Por esa razón, na poesía galega dos oitenta atopamos unha serie de liñas e orientacións varias, que a enriquecen temática e estilisticamente. Conviven e simultanéanse –ás veces, nun mesmo autor– movementos moi enriquecedores como o culturalismo, esteticismo, experimentalismo e cosmopolitismo en busca dunha apertura temática e maior riqueza estilística.

1.1. O CAMBIO DA LÍRICA GALEGA

Dous dos poetas que resultan fundamentais neste cambio de orientación na lírica galega desa época son Manuel Vilanova e Xavier Rodríguez Baixeras.

MANUEL VILANOVA

Manuel Vilanova (Barbantes, Ourense, 1944) estudou Filoloxía Románica en Santiago de Compostela e é doutor pola Universidade Complutense cunha tese sobre a poesía de Luis Cernuda. Catedrático de ensino medio de Lingua e Literatura Españolas, exerce na cidade de Vigo.



Manuel Vilanova (na imaxe) e Xavier Rodríguez Baixeras foron clave no cambio de orientación da lírica galega. Foto: Santos Díez (Arquivo AELG)

É un poeta bilingüe sendo a súa primeira obra en galego unha elexía, *A tarde chea de verán*, dedicada ao poeta Celso Emilio Ferreiro. En 1980 publica *E direivos eu do mister das cobras* e en 1985 e *A lenda das árbores de prata*, que recibiu o Premio da Crítica Galega. Ambos os dous libros entran de cheo dentro dun simbolismo de non fácil comprensión, con desexos de experimentación e unha grande atención á elaboración formal. No 2007, co poemario *A esmeralda branca* acada o Premio Nacional de Crítica.

Xavier Rodríguez Baixeras

Xavier Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945) empezou escribindo poesía en castelán, aínda que o seu asentamento en Galicia levou tamén a adopción do seu idioma. Coñecer correctamente o catalán e estudar filoloxía acabaron axudándolle á profundización e dominio do galego do que fai gala a súa poesía. Publicou *Fentos no mar* (1981) e *Lembranzas do areal* (1985), dentro dos canons dunha métrica clásica e sonetista. A partir de *Os celestes faiados* e *A gándara da noite* (1987, incluídos en *Anos de viaxe*

(Poesía 1981-1987) inicia unha nova etapa menos formalista, que se irá enchendo con obras como *Visitantes* (1991), *Nadador* (1995), *Beira Norte* (1997), *Eclipse* (2001) ou *Francesca* (2003). O seu dominio da forma e o corte clasicista dos seus poemas fan que a obra poética de Baixeras teña un selo persoal desde o primeiro ao último libro.

BEIRA NORTE

De ti escollín a mudanza do mar,
os pasos silandeiros a ningures,
a voz emancipada da nenez,
a túa fronte desolada.
Antes de pór o casco da cidade,
de entrar nas casamatas, de perderme
por mordidos recantos, eu amei
a túa fronte desolada.

E vaguei moitos anos entre muros
por medo a tantas ondas que te apertan
e nas que, sen querelo, ti prolongas
a túa fronte desolada.

[...]

Os novos grupos poéticos

➜ Nos anos setenta, a creación poética galega vive unha etapa de ruptura coa chegada de grupos como Rompente, Cravo Fondo, Alén, o da Coruña ou o de Vigo. O polémico Grupo de Comunicación Poética Rompente naceu no 1975 na cidade olívica da man de Antón Reixa, Manuel M. Romón e Alberto Avendaño. A través de manifestos, espectáculos e recitais expoñían a súa visión da lírica vangardista que se fundamentaba na poesía experimental que procedía do dadaísmo. Publicaron varios libros conxuntos, como *Silabario da turbina* (1977), *¡Fóra as vosas sucias mans de Manuel Antonio!* (1979) e *A dama que fala* (1983). Finalmente o grupo desfíxose en 1983.

«Por Galicia, pola poesía, Cravo Fondo, verba nova para unha terra ceibe» son palabras dun dos manifestos deste outro colectivo que viu a luz na Compostela de 1977. Este grupo estaba formado por Ramiro Fonte, Xesús Rábade Paredes, Xavier Rodríguez Barrio, Xulio López Valcárcel, Xesús Manuel

Publicación recompilatoria do grupo poético Cravo Fondo, editada por Follas Novas en 1977

Valcárcel, Fiz Vergara Vilariño e Helena Villar Janeiro. Os seus principios baseábanse no nacionalismo e a investigación creativa da lingua e a literatura, buscando que a poesía conectase coa xente renunciando ao elitismo e superando o socialrealismo. Pola súa parte o grupo Alén, creado baixo a batuta de Carballo Calero en Santiago, fundamentou o seu movemento na renovación estética.

No caso do Grupo da Coruña, composto por Manuel Rivas, Xavier Seoane e Fernán-Vello, publicou un volume colectivo titulado *De amor e desamor*, e o coñecido como Grupo de Vigo, que contaba nas súas filas con Cáccamo, Ramiro Fonte e Ramón Raña, preocupouse por fomentar o rigor, a emoción e a linguaxe brillante na poesía.*

Nesta etapa comezan a xurdir os certames poéticos, como o Miguel González Garcés

POETAS GALEGOS DESDE 1975 2

Despois –e tamén simultaneamente– de Manuel Vilanova e Xavier Rodríguez Baixeras, serán moitos outros os que se vaian incorporando a este mundo da creación poética. Tantos, que non é posible tratar individualmente a todos, aínda que a súa obra reclama a consecuente atención da crítica especializada. A relación dos que imos incluír aquí será necesariamente limitada e a atención ao seu traballo literario obligadamente breve, en consonancia coas liñas mestras deste libro, máis que cos méritos poéticos de cada un deles.

Luz de facer memoria recibiu o Premio González Garcés, instituído pola Deputación da Coruña

2.1. Manuel Álvarez Torneiro

Empezou a súa actividade poética publicando en revistas literarias e en libros colectivos. Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932) tardou moitos anos en publicar o seu primeiro libro, *Memoria dun silencio* (1982), aínda que era xa coñecido no mundo poético e literario. Orfo de nai dende os tres anos (A Coruña, 1932) e despois de desempeñar varios traballos para axudar á economía familiar entrou a traballar no xornal *La Voz de Galicia*, onde estaría 25 anos. Empezou a súa actividade poética publicando en revistas literarias e en libros colectivos e foi un dos fundadores do grupo poético Amanecer na década dos cincuenta. A súa presenza nos importantes premios de poesía que se convocan en Galicia fai que a súa

obra teña xa unha proxección pública: *As doazóns do incendio* (1993), *Rigorosamente humano* (1995, Premio Esquío), *Luz de facer memoria* (1999, Premio González Garcés e Premio da Crítica en lingua galega), *Campo segado* (2001, Premio González Garcés) e *Setembro Stradivarius* (2004).

Álvarez Torneiro comezou a súa actividade publicando en revistas poéticas e libros colectivos. Foto: Xosé Castro

DESARMADA E VIBRÁTIL HERDAMOS A ABELEIRA

Só un cristal xeado. Pasan
os expresos da noite, péchanse
os pavillóns de caza
e as materias sitiadas meditan nalgún tempo.
[...]

(AS DOAZÓNS DO INCENDIO)



Darío Xohán Cabana naceu en Roás da Terra Cha en 1952. Foto: Pepa Losada

2.2. Darío Xohán Cabana

Os primeiros libros de Darío Xohán Cabana (Roás da Terra Cha, 1952) son anteriores aos que imos citar, pero en 1981 publica *Ábrelle a porta ó día*, que supón a súa incorporación a unha nova liña poética. Obras posteriores como *Canta de cerca a morte* (1994, Premio de poesía Martín Códax), acrecentan a súa importancia dentro da poesía galega actual. A súa última achega é *Cabalgada na brétema* (2006).

Canta de cerca de morte

Defenderei a casa de meu pai
contra xeada e contra inverno frío

contra as colores árdigas do estío,
contra a miseria que hoxe ma desfai.

Defenderei a casa que se vai
pola corrente do espantoso río
do tempo manso, túcero e sombrío,
que a lenta morte a vida nos afai.

Defenderei as chousas da memoria
contra a derrota que a nación me abrangue,
contra nocella, contra silva e cardo;

defenderei o orgullo e mais a gloria
do labrador que levo no meu sangue,
defenderei a casa do Ricardo.



Ábrelle a porta ó día marca a incorporación de Darío Xohán Cabana a unha nova liña poética



Manuel Forcadela é profesor de Lingua e Literatura galega en Vigo. Foto: M. Moralejo

2.3. Manuel Forcadela

Quen responde a este nome é Manuel Santiago Fernández Álvarez, catedrático de Lingua Galega e Literatura de ensino medio e, na actualidade, profesor titular na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Doutorouse en Filoloxía Galaico-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela cunha tese sobre a poesía de Eduardo Pondal e traballou como profesor invitado no Graduate Center da City University of New York.

É autor de máis dunha vintena de obras que abranguen a poesía, a narrativa e o ensaio literario. Autor de obras ensaísticas e narrativas, a súa achega á poesía galega é moi importante e pódese concretar nunha serie de libros moi recoñecidos, como: *Ferida acústica de río* (1981, Premio Celso Emilio de Poesía), *O varredor en outono* (1987), *Profecía* (1992), *Morte do fadista* (2000, Premio Espiral Maior de Poesía), *Refutación da musa* (2001, Premio Aula de Poesía de Barcelona e Premio da Crítica de poesía galega) *Lámpada e medusa* (2002, Premio Esquío 2001).

Amo, Aurelia, estes cadáveres que outubro, desprazando,
leva xa para o silencio.
Óllaos írense esvaíndo. Decrecendo de morte
nun voo sobre as augas.
E repara en que hai efixies con sinais de ter amado,
con resquicios de pasar as longas tardes (como nós,
ao abrazármonos na tarde)
contemplando fluír o río
sen que niso nos deparen o terrible da beleza
ou feríndonos coa lanza da ruina veñan pór
nos meus labios o sal que moleste a túa boca.

[...]

(O VARREDOR EN OUTONO)

Ferida acústica de río (1981) é un dos seus libros máis recoñecidos

2.4. Miguel Anxo Fernán-Vello

Miguel Anxo Fernán-Vello (Cospeito,1958) estudou Filoloxía en Santiago e vive na Coruña, á fronte da editorial Espiral Maior. Poeta e dramaturgo, realizou estudos de Música (Guitarra Clásica) no Conservatorio Superior de Música da Coruña e de Psicoloxía e Filoloxía Hispánica na Universidade da Coruña e na Universidade de Santiago de Compostela. É un dos poetas máis premiados da poesía galega –gañou o Celso Emilio Ferreiro (1983), o Esquío (1984), o Martín Códax (1996), o Premio da Crítica Española (1985), e o Premio Xacobeo de Poesía da Xunta de Galicia (1992), entre outros– e tamén publicou obras ensaísticas e pezas teatrais. Ademais, nos anos 1985 e 1997 foi finalista do Premio Nacional de Literatura con *Seivas de amor e tránsito* e *As certezas do clima*, respectivamente. No ano 2001 estreouse por encargo da Orquestra Sinfónica de Galicia a súa cantata *Cantiga Finisterrae* para múltiples voces de luz, con música de Juan Durán e baixo a batuta de Victor Pablo.

O amor, concibido como paixón e como un xeito de sentir plena e satisfactoria, é un dos seus temas dominantes, así como a fonda preocupación polo paso do tempo ou o sensentido da exis-



Miguel Anxo Fernán-Vello é un dos poetas máis premiados da poesía galega. Foto: Kopa

tencia vital. O seu interese por depurar a estética de cada verso, enchéndoo de musicalidade e riqueza verbal, é un trazo moi propio do seu estilo. A obra poética de Miguel Anxo Fernán-Vello foi traducida ao español (*La raíz poseída*, Zaragoza, 1989) e ao catalán (*Llibre dels paisatges vius*, Lleida, 1995) e figura en importantes antoloxías editadas en Galicia, España, Cataluña, Italia, Brasil, Bélxica, Rusia, Inglaterra e Portugal.

As súas obras máis notables son *Seivas de amor e tránsito* (1984), *Memorial de brancura* (1985), *Livro das paisaxes vivas* (1985), *Trópico de lúas* (1992), *As certezas do clima* (1996), *Territorio*

de desaparición (2004), *Capital do corpo* (2004) e *Diccionario do estremecemento* (2007).

...Onde o amor retorna

Sei arder como un deus na loucura do amor.
E fun feliz até o fulgor dos osos e até as flores
que calcinei coa lingua.
A saúde é un incéndio sobre os corpos que aman.

Estalei nos seus ollos os cervos máis velidos das fontes
e nas amanecidas
as araxes rosáceas da frescura
ouvín sobre o seu rostro de voz de labios embriagados
dun fragor delicado que aínda soava na noite
entre as chamas dos corpos.

Consumin-me nos ocos da cinza e fun ave
mais branca renascendo.
Outro incéndio reverdece nas veias
e bebo instantes líquidos na violenta lembranza
de ilimitadas águas na voraxe dos membros
entre bocas de febre navegable sen fondo.

[...]

(Memorial de brancura)

Capital do corpo obtivo o Premio Miguel González Garcés no 2004



Álvarez Cáccamo alcanzou un gran recoñecemento no xénero poético a través de numerosos premios. Foto: Xoán Carlos Gil

2.5. Xosé María Álvarez Cáccamo

O profesor e polígrafo erudito Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) é no xénero poético onde alcanzou maior eco e recoñecemento, como o demostran os numerosos premios alcanzados neste campo (o Esquío, o González Garcés, os da Crítica española e galega). Fillo do tamén escritor natural de Tui Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985), representante da poesía neotrobadoresca, Álvarez Cáccamo estudou Filoloxía Románica na Universidade de Santiago de Compostela e desde 1973 é profesor de ensino secundario. Formou parte do consello editorial das coleccións de poesía *Mogor* (1976-1980) e *Pero Meogo* (1980) e entre os anos 1984 e 2002 estivo no equi-



Luminoso lugar de abatimento, de Álvarez Cácamo, recibiu o Premio Esquío de poesía

po directivo da Asociación de Escritores en Lingua Galega, da que foi presidente interino durante un ano. Ademais foi coordinador das súas revistas *Nó* e *Contemporánea*.

A súa primeira obra é *Praia das furnas* (1983), á que seguirán *Arquitecturas de cinza* (1985), *Luminoso lugar de abatimento* (1987), *O lume branco* (1991), *Calendario perpetuo* (1997) e *Vocabulario das orixes* (2000). Todas estas obras están recollidas no seu libro: *Ancoradoiro. Obra poética (1983-2003)*, (2003). Posteriormente publicará *Vilar dos fillos* (2004) e *Vento de sal* (2008).

Na poesía de Álvarez Cáccamo o lirismo combínase con certa narratividade e o compromiso social co gusto polas novidades vangardistas.

Río

O río está prohibido. Linde último,
onde as areas rompen arañadas
detéñense os meus pés.
Na ribeira do alén o vento labra
distancias de cor cega e esparexe
un pouso de fariña que confunde
marés, cardos e dunas.
Que ninguén
se atreva a entrar no río, un eco morto
asenta a súa voz na lama, leito
de colchas renegridas. Por debaixo
das augas, corredores de luz verde
arrastran aos que nadan descuidados
a un mar de rosas negras.
[...]

O autor de Lume branco é fillo do tamén escritor Xosé María Álvarez

(VOCABULARIO DAS ORIXES)

Pilar Pallarés concibe a creación poética como unha forma de exploración do mundo que a rodea. Foto: Kopa

2.6. Pilar Pallarés

A profesora coruñesa Pilar Pallarés (Culleredo, 1957) concibe a poesía como unha forma de autocoñecemento e de exploración do mundo que a rodea. Polo tanto, está máis atenta ao contido do poema que ao seu envoltorio formal de lingua e estilo, que chama a atención pola súa precisión clasicista. O amor, concebido como forza que desarbola e desequilibra, é un tema frecuente. Tamén reflexiona sobre a esencia da vida, poñendo sempre de relevo a súa insuficiencia e insatisfacción.

A súa produción poética iniciouse con *Entre lusco e fusco* (1980) e continuou, entre outros libros, con *Sétima soidade*, gañador do Premio

Esquío en 1984, e *Livro das devoracións*, que obtivo os premios da crítica española e galega en 1996, e *Poemas* (2000).

Amei-te tanto esta tarde,
cando non estavas,
e estava o ceu como un atlas de ausencia
esvarando nas horas!

Que extraño é todo isto, este amor que se agolpa
e verte a sua fúria por acima de unha
sen piedade!

Entre lusco e fusco (1980) foi o primeiro libro de poesía de Pallarés

Non sei por que estes días en que te amo tanto
e tan fundo e tan duro e tan tristeiro,
días en que quixera aniquilar-te
de tanto amor como me tinxe o corpo
E me lastima os dentes.

Esta tarde amei-te como invasión de escumas
en sartegos tenrísimos.
Non sei que extrañas aves aniñaron en min
para que asi te ame,
non sei que tortas roitas ou mans confabuladas
me trouxeron a ti,
Non sei por que camiños navegou o meu sangue
para chegar a ti.
Non sei se faro ou torre ou terra prometida
foron marcando o norte dos meus sucos.
Só sei que aqui me tés, a ti ofrecida,
sen culpa deste amor que caiu sobre min
non sei se como pedra ou lóstrego ou fervenza.

Esta tarde amei-te como nunca,
pero ti non estavas.

(SÉTIMA SOEDADE)

Con este libro Pallarés obtivo o Premio Esquío en 1984



Xavier Seoane é profesor, ensaísta e poeta.
Foto: Kopa

2.7. Xavier Seoane

Profesor e ensaísta, Xavier Seoane (A Coruña, 1954) estudou Filoloxía Románica en Compostela. Profesor de Lingua e Literatura na Coruña, desde 1975 vén desenvolvendo a súa actividade nos terreos da creación literaria, da arte e na animación cultural en prensa, revistas ou como conferenciante. Nos setenta e oitenta participou nas actividades dos grupos A Carón e Galga, sendo ademais colaborador de numerosas revistas e xornais.

É un dos fundadores e animadores da revista *Luzes de Galiza* e ten traballado tamén en proxectos de vídeo, ademais de realizado exposicións de poesía visual e experimental e participado en mostras de *mail art*.

Seoane encontrou na lírica actual un lugar destacado, que ocupa desde o seu primeiro libro *A caluga do paxaro* (1979), ao que seguirán *Os bosques encendidos* (1981), *Iniciación e regreso* (1985) e poemas incluídos nas antoloxías colectivas, *De amor e desamor* (1984) e *De amor y desamor II* (1985). Recoñecido con significativos premios poéticos, a súa produción foise concretando en títulos como *Regreso e advenimiento* (1990), *Limiar de vida* (1996), *Dársenas do ocaso* (2002), *Vagar de amor e sombra* (2004) e *Para unha luz ausente* (2006, Premio Espiral Maior de poesía).

Notas peculiares da súa poesía son a reflexión sobre o quefacer poético, a presenza da natureza e un refreado sentimentalismo.

NOCTURNO

Estas noites capaces
de colmar a nostalxia,
en que as pupilas, cheas de escuridade,
ata o soño dilátanse,
veñen a mín desde o día
en que o meu corazón as presentía
e a miña nai as arrolaba.
Adentrándose nelas,
a sagrada tristeza de vivir
revela a súa saudade

e o cántico das cousas
eleva o seu misterio inesgotábel.

Noites de arrecendente claridade,
ríos de cego amor, ecos do alto,
xardíns de luctuosa inmensidade:
Nada pode turbar
os vosos soños mainos
–A beleza da terra.
O odor das meses
recén segadas.
O cántico do mar. O sorriso
dunha crianza...–

[...]

(UMBRAL DE VIDA)



Dársenas do ocaso foi Premio Caixanova 2002



A caluga do paxaro foi a primeira incursión de Seoane na poesía

2.8. Xulio López Valcárcel

López Valcárcel (Lugo, 1953) desde moi novo interesouse pola creación poética en galego. Durante a súa traxectoria obtivo algúns dos premios poéticos máis importantes da poesía galega como o Nacional de Poesía para menores de 25 anos, o Premio Guimarães (Portugal), foi tamén gañador do Celso Emilio Ferreiro, do Premio Antonio Tovar en Ourense en 1993 e do Premio da Crítica Española en 1994, entre outros.

Xulio López Valcárcel foi un dos fundadores do colectivo poético Cravo Fondo. Foto: Xosé Castro

Foi un dos promotores do colectivo Cravo Fondo (1977) e dous anos máis tarde publicará o seu primeiro libro de poemas, *Véspera do día*. Intenta compaxinar a poesía social e comprometida co interese pola beleza literaria. Seguiranlle outros libros como *Alba de auga sonámbula* (1983) e *Solaina da ausencia* (1987). Tras seis anos de silencio, publica *O sol entre os dedos* (1993) e *Memoria de agosto* (1993), nos que aparece xa o poeta maduro e reflexivo, profundo e delicado, que permanecerá presente na súa última obra, escrita logo de dez anos de silencio creativo: *Casa última* (2004).



Portada de *O sol entre os dedos*, de Edicións do Castro (1993)

Membro destacado da Xeración Poética dos Oitenta, figura nas máis importantes antoloxías da poesía galega contemporánea, como *Escolma da Poesía galega*, de Xosé Lois García, *Poesía Galega de hoy* (1991), *Antoloxía Consultada* (1976-2000), de Arturo Casas e *Poetas galegos do século XX* (2006), de Luciano Rodríguez. Os seus poemas foron traducidos ao español, catalán, inglés, italiano, alemán, ruso e francés.

A CHAMADA

Escoito, casa, a túa chamada.

Houbo outras casas nas que fun

desennovelando os días un tras outro,
pero ningunha a ti comparable,
casa na que abrín os ollos
ao asombro de estar vivo,
ser no mundo, e na que pensaba
tamén pechar o ciclo, apagando
a miña luz entre os teus muros.
Escoito, casa, a túa chamada,
nunca deixei de escoitala
por lonxe que estivese, por moito
que fose o tempo que faltase.
Fóra de ti, non estaba no meu,
pouco importaba a distancia.
Escoito, casa, a túa chamada.
É unha chamada de auxilio,
un S.O.S. urxente, angustioso.
Temes, quizais, que te desprece por vella,
como quen se avergoña dunha antiga amante,
ou que o tempo e a desgana
puxeran un veo de esquecemento
nos meus ollos.
[...]

(CASA ÚLTIMA)



López Válcarcel escribiu *Casa última* no 2004, despois de dez anos sen publicar



Ramiro Fonte ten unha poesía clara e sinxela, froito dunha complexa composición. Foto: M. Moralejo

2.9. Ramiro Fonte

Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957-2008) ten unha densa obra xa publicada e un currículo xeneroso en premios poéticos. A súa traxectoria arrinca desde moi novo, xa como cofundador do grupo renovador Cravo Fondo, en 1977 e un dos máis destacados representantes da Xeración dos 80, xunto a Román Raña, Xosé María Álvarez Cáccamo, Rafael Baixeras e Manuel Forcadela.

Licenciado en Filosofía e Letras e profesor de Lingua e Literatura Galegas, foi poeta, narrador, ensaísta, crítico e estudoso da literatura galega. Foi membro correspondente da Real Academia

Portada de *As cidades da nada*, obra editada en 1983



Mínima moralidade foi Premio Miguel González Garcés en 1997

Galega e nos últimos anos da súa vida foi director do centro do Instituto Cervantes en Lisboa.

A poesía de Ramiro Fonte é clara e sinxela porque é o resultado dunha elaborada e complexa composición. E por iso deixa ver con nitidez a profundidade do pensamento que subxace no poema. Defensor do ritmo e a musicalidade dos versos, non por iso se esquece da trama narrativa e do acento irónico nos seus poemas. Entre as súas obras máis notables: *As cidades da nada* (1983), *Pensar na tempestade* (1986), *Pasa un segredo* (1988), *Adeus Norte* (1991, Premio

Esquío), *Luz do mediodía* (1995), *O cazador de libros* (1997), *Mínima Moralidade* (1997), *Capitán Inverno* (1999) e *A rocha dos proscritos* (2001). Tamén é autor de seis obras de narrativa e varios ensaios, e obtivo outros premios como o da Crítica de Galicia, o Losada Diéguez ou o da Crítica Española en 1989.

LUCES DE MEDIODÍA

O mediodía escribe
as mellores palabras sobre a noite;

no seu xardín a flor
amígase coa estrela insobornable.

Nas copas en que, xuntos, afogamos
as augas moribundas doutras lúas,
xa estaba aquela luz
serena para sempre, presentida.

Aqueles ollos meus
que nunca se cansaron de mirarte.

(LUZ DE MEDIODÍA)

Con pólvora e magnolias, o punto de inflexión

➜ A obra de Xosé Luís Méndez Ferrín *Con pólvora e magnolias*, editada en 1976, marcou un punto de inflexión na evolución da creación poética galega. Tratábase dunha obra innovadora que rompía co realismo social que predominaba en anos anteriores.
A temática divídese en dúas liñas predominantes: a combativa e política (pólvora) e a íntima (magnolia).

Velaquí un fragmento da obra:

Sentarame ben chorar nesta noite
porei irlanda vilanova dos infantes dúas rosas no ferrol de ferro
e os teus ollos infideles no gume do crepúsculo
intentarei porme diantre de min por unha vez
e deixar nas portas bandeiras esfarrapadas
pimentel e sirgos rotos
sentarame moi ben chorar e unha paipa
darame ese ton o'casey cuando fillos de carne
miña e non de pedra pómez
desfanse en abalorios antre os deos

[...]

Sentarame moi ben un descarregar horror e
certa insania
porque teño un cabalo que nunca tiven a este
crepúsculo
sentaranme moi ben diante dos ollos cóbregas e
detalles de acibeche
que digan son eu só pérdome cinza
desesperado vento foula
sentarame chorar polo meu pasado eu coma
alabastro
ergueito nos abrentes illa loubada de cristal
cunqueiro

Portada de *Con pólvora e magnolias*, editada por Minerva en 1976

[...]

Digo que irmáns non teño
nesta noite
digo que estou a chorar só
coma quen canta
e cego o canto contra o
gran silencio que estala e
trae un tiro no bandullo. ✸

A obra de autores como Yolanda Castaño pon de manifesto a época de esplendor que está a vivir a poesía galega contemporánea. Foto: Gabriel Tizón (Arquivo AELG)

3 OUTROS CREADORES POÉTICOS

A relación de poetas que poden incluírse neste capítulo é extensa e sen que por iso se reduza a calidade de quen figura nela. Obviamente, por razóns de espazo non podemos dedicarlle a cada un a atención que fora de desexar e que require un estudo documentado, nin incluír algún poema que dea unha idea da súa forma de entender a poesía. Con todo, aquí queda unha breve reseña de cada un:

3.1. Vítor Vaqueiro

Vítor Vaqueiro (Vigo, 1948) é un poeta moi esixente consigo mesmo, cunha gran depuración lingüística nos seus versos, cábelle a honra de ser o gañador do certame poético Esquío, na súa primeira edición, coa obra *Camiño de Antioquía* (1982). Posteriormente publicou *A fraga prateada* (1983) e a *Cámara de névoa* (1987).

3.2. Xesús Rábade Paredes

Moi novo, Xesús Rábade Paredes (Cospeito, 1949) publicou o seu primeiro libro poético con moi boa aceptación: *Xuntos cara ao mañán* (1969). É un dos colaboradores, xunto á súa muller, Helena Villar Janeiro, no colectivo poético

Xesús Rábade publicou o seu primeiro libro poético en 1969. Foto: Paco Rodríguez

Portada de *Poldros de música*, galardoada co Esquío en 1993

Cravo Fondo. Amor, amor á terra e un claro compromiso social e humano caracterizan a súa poesía, o mesmo que a súa coidada linguaxe e sobriedade expresiva. Publicou tamén *Cabeleira de pedra* (1993), *Poldros de música* (gañador do Premio Esquío en 1993) e *Os dedos dos loureiros* (2000).

3.3. Afonso Pexegueiro

Afonso Pexegueiro (Angoares, 1948) deuse a coñecer como poeta formando parte do grupo Rompente, e a partir da súa primeira obra, *Seraogna* (1976), foi considerado un dos alicerces da nova poesía. O seu carácter innovador e rupturista séguese vendo en *Mar de naufraxio* (1978) e *Circos de auga* (1979). *Blasfemias de silencio* (2000) recolle a súa obra poética publicada ata ese momento. A súa última achega é *A illa das mulleres loucas* (2004).

Circos de auga, de Afonso Pexegueiro, foi publicada en 1979 por primeira vez



3.4. Lois Pereiro

Lois Pereiro (Monforte de Lemos, 1958-A Coruña, 1996) cando era estudante en Madrid, fundou, xunto con Manolo Rivas, Antón Patiño e Xosé Manuel Pereiro, a revista *Loia*, onde publicou os seus primeiros poemas. Deixounos dúas obras poéticas: *Poemas 1981/1991* (1992) e *Poesía última de amor e enfermidade* (1995).



López Ardeiro foi un poeta afastado dos círculos literarios. Foto: Paco Rodríguez

3.5. Xosé María López Ardeiro

Poeta que estivo sempre afastado dos círculos literarios que se concentran nas cidades galegas, debe o seu lugar na poesía actual aos premios literarios que obtivo e que, neste caso, apoiaban unhas obras de calidade. López Ardeiro (Negreira, 1944-Ferrol, 2007) dáse a coñecer con *Na néboa dunha espranza* (1981), á que segue *En bela sombra e amaranto* (1985) e *O matiz esmeralda da sombra* (1991), gañadoras respectivamente, dos premios de poesía Cidade de Ourense, Celso Emilio Ferreiro e Eusebio Lorenzo Baleirón. *Un xardín no tempo* (2001) e *Versos de ausencia e desagravio* (2005) son as súas últimas achegas poéticas.

3.6. Chus Pato

Cunha concepción transgresora dos clásicos xéneros literarios, a poesía desta muller comprometida coa realidade sociopolítica de Galicia é un intento de superación e renovación constante. Entre os libros de Chus Pato (Ourense, 1955) podemos destacar *Heloísa* (1994), *A ponte das poldras* (1996), *m-Talá* (2000), *Charenton* (2004), *Hordas de escritura* (2008) e *Secesión* (2009).

Rodríguez Fer ten obras no campo da narrativa, o ensaio, a crítica e a poesía. Foto: Marcos Míguez

3.7. Claudio Rodríguez Fer

Profesor en Lugo, a presenza de Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956) na literatura galega déixase ver no campo da narrativa, no do ensaio e crítica literaria, e no poético. Con gran sensibilidade para a expresión do erótico, pero tamén para captar todo o mítico e simbólico que encerra o mundo moderno. Reflexivo e gran dominador de estilo e linguaxe, a súa obra *Vulva* (1991) recolle toda a súa poesía de contido erótico. Máis tarde, *A muller núa* (1992) será unha antoloxía dos seus mellores poemas seleccionados polo propio poeta. Posteriormente, publicará *A loita continúa* (2004), *Viaxes a ti* (2006) e *Ámote vermella* (2009).

Luísa Villalta tiña unha gran sensibilidade lírica. Foto: Xosé Castro

3.8. Luísa Villalta

Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004) foi profesora, novelista, dramaturga, ensaísta, estudosa e intérprete musical, e tamén atendeu con acerto á creación poética. En *Música reservada* (1991) e *Rota ao interior do ollo* (1995) queda plasmada a súa profundidade de mirada e a súa sensibilidade lírica.

3.9. Ana Romaní

Moi vinculada ao mundo da cultura, especialmente relacionada co medio teatral e audiovisual, no que exerce a súa profesión, Ana Romaní (Noia, 1962) publicou en 1987 o seu pri-

meiro libro de poemas, *Palabra de Mar*, que nos descobre unha voz poética moi persoal. A este título sucederanlle, *Das últimas mareas* (1994) e *Arden* (1998), que a confirman como poeta de calidade contrastada. A súa voz seguiu a afianzarse con *Apresados sen presa* (2002), *Estudos das sombras* (2002), *Modulación de Orfeu* (2002) e *En concreto* (2004).

Ana Romaní publicou o seu primeiro libro de poemas, *Palabra de Mar*, en 1987. Foto: Xoán A. Soler

3.10. Eusebio L. Baleirón

A morte prematura de Eusebio L. Baleirón (Laíño-Dodro, 1962-1985) privou á poesía galega dun excelente representante. Tan só viu publicados dous libros de poemas, *Os días*

olvidados e *O corpo e as sombras*, ambos de 1985. Postumamente, apareceu *A morte presentida* (1988).

Os días olvidados foi un dos dous libros que Baleirón publicou en vida

A caneiro cheo, de González Tosar, recibiu o Esquío de poesía en 1986

3.11. Luís González Tosar

Luís González Tosar (Bos Aires, 1952) vive en Galicia desde os dezasete anos e a súa adaptación a esta terra e á súa lingua foi rápida e perfecta, levado pola súa vontade de integrarse na cultura galega. As súas obras máis notables son *A caneiro cheo* (1986, Premio Esquío de Poesía), *Remol das travesías* (1989) e *Campás de Recalada* (1992). As súas últimas entregas poéticas foron *Invocación dun tempo* (2001) e *Volver a Compostela* (2002).

3.12. Román Raña

Retrato de sombra en outono publicouse por primeira vez en 1981

Profesor de Literatura en Vigo, Román Raña (Vigo, 1960) é un bo crítico literario e un ensaísta recoñecido. No campo da poesía é onde acadou o seu maior recoñecemento. Algunhas das súas obras poéticas son *Retrato de sombra en outono* (1981), *Nas areias doutro mar* (1984), *Extramuros da noite* (1985), *Da muda primavera* (1988, Premio Esquío de 1987) *Ningún camiño* (1997, Premio Martín Codax), *Eloxio do desorde* (2002, Premio Miguel González Garcés) e *As metamorfoses do túnel* (2005).

3.13. Manuel Rivas

Considerado como un consumado narrador, tamén hai que recoñecerlle a Manuel Rivas (A Coruña, 1957) a condición de bo poeta. Xa desde novo deu mostras da súa vocación poética ao publicar *Libro do entroido* (1979) e ao participar en fundacións de revistas e manifestos poéticos. Máis tarde apareceron *Balada nas praias do oeste* (1985), *Mohicania* (1987),

Ademais de consumado narrador, Manuel Rivas deu mostras da súa vocación poética desde moi novo

Ningún cisne (1989), *Costa da Morte blues* (1995), *O pobo da noite* (1996), *Do descoñecido ao descoñecido* (2003) e *La desaparición de la nieve* (2009).

3.14. Outros nomes

O momento de esplendor que vive a poesía galega desde os anos oitenta promete seguir sendo unha realidade durante bastantes anos. Hoxe están a escribir, conviven e relaciónanse entre si poetas de diferentes idades e mesmo de varias xeracións. Todos eles contribúen a esta etapa dourada da poesía galega. Hai entre eles nomes de xente xa veterana, coa importancia suficiente para dedicarlle a cada un deles o seu apartado correspondente, como: Henrique Rabuñal, Francisco Fernández Naval, Cesáreo Sánchez Iglesias, Xosé Vázquez Pintor, Lino Braxe, Helena Villar Janeiro, Vicente Araguas, Anxo Quintela, Anxo Angueira, Rodríguez Barrio, Xela Arias, Antonio Domínguez Rey, Paulino Vázquez

e Xosé Manuel Vélez, por citar a poetas que xa se deron a coñecer dende hai anos.

E nesta contribución valiosa hai que deixar constancia da achega de poetas que, ben por ser máis novos, ben por incorporarse máis tarde á publicación de poesía en galego, fannos pensar que esta etapa feliz da lírica vai ter unha sólida continuidade. Uns e outros seguen facendo posible que, "en Galicia e en lingua galega se estea escribindo a mellor poesía de España", segundo palabras dun respectabilísimo coñecedor da materia, como é o poeta leonés, galardoado no ano 2006 co Premio Cervantes e o Reina Sofía, Antonio Gamoneda.

A manter este nivel de privilexio están axudando as obras poéticas dos autores citados e dos que agora citarei, coa pena, tamén, de non poder dedicarlle a atención que, sen ningunha dúbida, merece cada un deles: Olga Novo, Yolanda Castaño, Marilar Aleixandre, Carlos Penela Martín, Francisco Salinas Portugal, José Carlos Caneiro, Manuel Outeiriño, Marta Dacosta, Gonzalo Navaza, Xosé Lois García, Miro Villar, Rafa Villar, Emma Couceiro, Estevo Creus, Ricardo Martínez-Conde, Luz Pichel, Xavier Lama, Luis Valle Regueiro e un longo etcétera.

A eclosión das revistas poéticas

➜ Son varias as revistas que ven a luz a partir de finais dos setenta, entre as que se contan *Nordés*, *Dorna* e *Coordenadas*, entre outras. No caso da primeira naceu en 1975 grazas ao interese de Luz Pozo Garza, Tomás Barros e Isidro Conde Botas. Era bilingüe e, ademais de dar a coñecer obras literarias, buscaba ofrecer unha visión crítica da poesía. Entre os colaboradores da

Dorna e *Coordenadas* son algunhas das revistas poéticas que nacen nos setenta



publicación, destacaron Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro e Rafael Dieste.

Pola súa parte, a revista de expresión poética *Dorna*, vinculada á Facultade de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago, sempre tratou de difundir composicións de diversos escritores do panorama literario galego, xa foran relatos, poemas, críticas ou reseñas, tanto de autores emerxentes como daqueles que xa contaban cunha traxectoria ás súas costas. Desde o ano 2007, e logo de varios anos de ausencia, regresou ao panorama editorial. Agora está dirixida por Ramón Lourenzo e conta con Miro Villar como secretario e con David Pérez González, Mario Regueira, Lorena López López e Xosé Manuel Salgado como membros do seu comité de redacción.

No que se refire a *Coordenadas*, tamén foi unha revista universitaria cultural de Santiago de Compostela.✸

BIBLIOGRAFÍA DOS TOMOS 17 A 20

ALONSO GIRGADO, LUIS, **O RELATO BREVE. ESCOLMA DUNHA DÉCADA** (1980-1990), Vigo: Ed. Galaxia, 1990.

ALONSO MONTERO, XESÚS, **OS CEN MELLORES POEMAS DA LINGUA GALEGA**, Lugo: Celta, 1970.

LENGUA, LITERATURA E SOCIEDADE EN GALICIA, Madrid: Akal editor, 1977.

BEIRAS TORRADO, X. M., **O ATRASO ECONÓMICO DE GALICIA**, Vigo: Ed. Galaxia, 1972.

BERNÁRDEZ, CARLOS L. ET ALII, **LITERATURA GALEGA. SÉCULO XX**, Vigo: A Nosa Terra, 2001.

CARBALLO CALERO, RICARDO: **HISTORIA DA LITERATURA GALEGA CONTEMPORÁNEA**, Vigo: Ed. Galaxia, 1981, 3ª edición.

APORTACIONES FUNDAMENTALES A LA LITERATURA GALLEGA CONTEMPORÁNEA, Madrid: Gredos, 1955.

LIBROS E AUTORES GALEGOS. SÉCULO XX. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, Col. Galicia Viva, 1982.

CORES TRASMONTE, B., **SOCIOLOGÍA POLÍTICA DE GALICIA. ORÍGENES Y DESARROLLO** (1845-1936), La Coruña, 1976.

FERNÁNDEZ FREIXANES, VÍCTOR, **UNHA DUCIA DE GALEGOS,** Vigo: Ed. Galaxia, 1976.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, FRANCISCO, **DICCIONARIO DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA**, Sada, A Coruña: Edicións do Castro, 1990.

UN PAÍS E UNHA CULTURA. IDEA DE GALICIA NOS NOSOS ESCRITORES, Vigo: Ed. Galaxia, 1973.

GÓMEZ SÁNCHEZ, ANXO, E QUEIXAS ZAS, MERCEDES: **HISTORIA XERAL DA LITERATURA GALEGA,** Vigo, Ed. A Nosa Terra, 2001.

GRAN ENCICLOPEDIA GALLEGA, VOLS. XX A XXXII, Santiago-Gijón: Silverio Cañada Editor, 1974-1987.

LÓPEZ-BARXAS, F. E MOLINA, C. A., **FIN DE UN MILENIO. ANTOLOGÍA DE LA POESÍA GALLEGA ÚLTIMA**, Madrid: Libertarias, 1991.

LOSADA, BASILIO, **POESÍA GALLEGA DE HOY –ANTOLOGÍA–** Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección General del Libro y Bibliotecas, col. Visor de Poesía, 1990.

LOURENZO, M. E PILLADO MAYOR, F., **ANTOLOXÍA DO TEATRO GALEGO**, Sada, A Coruña: Castro, 1982.

MÁIZ, RAMÓN, **O REXIONALISMO GALEGO. ORGANIZACIÓN E IDEOLOXÍA**, Sada, A Coruña: Ediciós do Castro, 1984.

MÉNDEZ FERRÍN, X.L., **DE PONDAL A NOVONEYRA**, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1984.

MOLINA, CÉSAR A., **PRENSA LITERARIA EN GALICIA** (1809-1920), Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1989.

RAÑA, ROMÁN, **A NOITE NAS PALABRAS. UNHA APROXIMACIÓN Á POESÍA GALEGA DE POSGUERRA**, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1996.

RODRÍGUEZ, LUCIANO, **POETAS GALEGOS DO SÉCULO XX. ANTOLOXÍA**, A Coruña: Edicións Espiral Maior, 2004.

TARRÍO VARELA, ANXO: **LITERATURA GALEGA. APORTACIÓNS A UNHA HISTORIA CRÍTICA**, Vigo, Ed. Xerais de Galicia, 1994.

VILAVEDRA, DOLORES: **HISTORIA DA LITERATURA GALEGA**, Vigo, Ed. Galaxia, 1999.

FENTOS
NO MAR

XACOBEO 2010
Galicia

XUNTA
DE GALICIA

2010
ano da lectura